

AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIGO
Excmo. Sr. Abel Ramón Caballero Álvarez

Alegacións ao Proxecto de Orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2019

Rubén Pérez Sueiras, en representación accidental neste escrito da Asociación Animalista Libera, con DNI 53168978-Q e domicilio a efectos de notificación en Rúa Pla y Cancela 9, 3º con CP 15005, sito na Coruña, **EXPÓN:**

Os Orzamentos Municipais son a ferramenta perfecta para incluír o desenvolvemento dunha estratexia continuada ao respecto da protección e benestar dos animais, así como para incentivar conductas responsables cos animais domésticos e silvestres que conviven coa cidadanía pontevedresa de xeito cotiá.

A xestión de colonias felinas tal e como se fai en municipios como A Coruña, Barcelona, Zaragoza ou Vitoria-Gasteiz, as campañas de sensibilización de vilas como Mugardos, Sada ou Ferrol, ou mesmo o replantexamento dos modelos de recollida de cans e gatos abandonados, a partires de políticas de cero sacrificio, son algúns exemplos que requiren dotación económica para funcionar.

Non podemos esquecer que a meirande parte destas ideas, levadas á realidade no noso país, saen adiante grazas ao inxente traballo do voluntariado e dos colectivos que empregan tempo e cartos, sen axuda institucional algunha, para lanzar propostas que tratan de mellorar a Sociedade e a contorna onde convivimos.

Neste senso apostamos dende a Asociación Animalista Libera por un Concello de Vigo máis amigable cos animais, e isto pasa necesariamente pola dotación orzamentaria axeitada para facelo real, do mesmo xeito que a entrada en vigor da Lei de Benestar Animal de Galicia plantexa novos retos municipais que requiren da preceptiva implicación e compromiso dos gobernos locais.

Por todo o anterior exposto, **ALEGAMOS e plantexamos as seguintes partidas orzamentarias** para a súa inclusión no proxecto de 2019:

- **Subvencións a entidades protectoras de animais con 10.000€**

Nova partida con dotación de 10.000€, a través da minoración das respectivas partidas de área.

- **Creación de zonas de esparcemento canino con 25.000€**

Nova partida con dotación de 25.000€, a través da minoración das respectivas partidas de área.

- **Campañas de sensibilización sobre tenza de animais con 5.000€**

Nova partida con dotación de 5.000€, a través da minoración a través da minoración das respectivas partidas de área.

- **Programa de xestión ética de colonias felinas con 10.000€**

Nova partida con dotación de 10.000€, a través da minoración a través da minoración das respectivas partidas de área.

Ademáis, plantexamos a supresión das partidas relacionadas:

- Compra de animais no parque zoolóxico Vigozoo (-2.000€)
- Aluguer de cabalos para a Policía Local (-33.000€)

As alegacións expostas suman un total de 15.000 euros, unha vez descontada a supresión das partidas sinaladas, unha cantidade insignificante en comparación co total do Proxecto de Orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2019, e menor que as dotacións económicas que municipios con menor número de habitantes teñen consignado en anteriores exercicios, como o caso do Concello da Coruña.

Con todo, agardamos que as propostas sexan tomadas en consideración para afortalar unha materia tradicionalmente ignorada polos poderes públicos en Galicia, máis que cada vez está máis presente nos países da nosa contorna, como Portugal.

Na Coruña, a 27 de Novembro de 2018.



Asdo. Rubén Pérez Sueiras